



Galicia

**GALICIA**  
**LABORAL**

Diario dixital da UGT de Galicia

**LOITA**  
**polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 649

Semana do 19 ao 25 de outubro de 2015

**AS VIVENDAS CON TODOS OS ACTIVOS NO PARO ASCENDEN A 73.100, UN 63 POR CENTO MÁIS QUE NO ANO 2009**

## **UGT-GALICIA SAÚDA O BO COMPORTAMENTO DO DESEMPREGO, AÍNDA QUE A TEMPORALIDADE E PARCIALIDADE SEGUEN EMPAÑANDO O MERCADO LABORAL GALEGO**

***A taxa de temporalidade é xa do 27,5 por cento, case tres puntos máis que hai un ano, e a ocupación medra moito máis nas xornadas a tempo parcial***

**Redacción.-** UGT-Galicia valora e saúda o bo comportamento do desemprego no terceiro trimestre do ano, aínda que incide en que, primeiro, trátase dun dato marcado pola estacionalidade e contratación na temporada estival e, segundo, a precariedade segue empañando unha posible recuperación do mercado laboral galego. Porque, o Sindicato considera que non se trata só de xerar emprego, hai que crear postos de traballo pero que estes sexan de calidade e que garantan unha vida digna aos traballadores galegos e non que unha alta porcentaxe dos mesmos sexan vítimas da pobreza laboral, como está a suceder agora.

Xa que, si é certo que medra a ocupación, nun 2,88 por cento (29.100 persoas ocupadas máis) en relación ao trimestre anterior e un 2,13 por cento en relación a hai un ano. Pero non é menos certo que no ano a ocupación ten un maior incremento en termos relativos na xornada a tempo parcial, o 5,7 por cento, que na de tempo completo, que medra tan só un 1,6 por cento. Ademais, sen ter en conta os anos de crise, non tiñamos valores de ocupación tan baixos dende o ano 2002. O mercado laboral galego está moi afastado das máis de 1.200.000 persoas ocupadas dos anos 2007 e 2008. Así, a taxa de ocupación é do 44,1 por cento, aínda lonxe do 50 por cento de antes da crise.

En termos de evolución do desemprego, este cae no trimestre no 11,76 por cento, fronte ao 5,79 por cento do resto do Estado. Hai en Galicia 222.800 persoas en situación de desemprego, segundo a EPA. Interanualmente, o paro cae o 13,72 por cento en Galicia e o 10,63 por cento no resto do Estado.

Outra pincelada máis que fai dubidar da tan publicitada recuperación é a contracción do mercado laboral desta Comunidade. Continúa a diminución da poboación de 16 ou máis anos. No ano 10.300 menos e, deles, 3.800 menores de 25 anos. Cada vez hai menos poboación en idade de traballar. Caen as persoas que desexan incorporarse ao mercado

laboral, 13.700 menos, e aumentan os inactivos en 3.500 persoas.

Outra realidade que hai que analizar para non quedar na frialdade das estatísticas é a situación que están a vivir os fogares galegos. Pois ben, 73.100 seguen a ter a todos os seus activos no paro e 29.700 xa non perciben ningún tipo de ingreso. Estas dúas variables, aínda que melloran, continúan en valores insostibles, moi por enriba aínda dos que se rexistraban no terceiro trimestre de 2009, concretamente, medrando nun 63,2 por cento a primeira e un 50,8 por cento a segunda.

**Con case 30.000 fogares sen percibir ningún tipo de ingreso urxe a posta en marcha dunha prestación de ingresos mínimos, para o cal UGT está a impulsar unha ILP e xa comezou a recollida de firmas**

Por iso, para intentar paliar esta situación, UGT está a impulsar, a través dunha ILP a prestación de ingresos mínimos, para a cal o Sindicato xa comezou a recollida das firmas necesarias. Porque é de lei rescatar ás persoas e combater as desigualdades.

Continuando coa análise dos datos que arroxa hoxe a EPA, significar que a taxa de paro queda en Galicia no 17,7 por cento e no Estado no 21,2 por cento. Non obstante, non se pode esquecer que esta taxa no caso dos máis mozos, os menores de 25 anos, sitúase no 40,4 por cento.

Segundo a EPA, hai en Galicia 821.400 persoas asalariadas, medrando no trimestre en maior medida que o total da ocupación, cun 3,56 por cento de asalariados máis. O crecemento en relación a hai un ano é do 3,31 por cento.



Non obstante, aquí hai que subliñar que, mentres os asalariados con contrato indefinido aumentan tan só o 0,15 por cento, os temporais o fan nun 13,75 por cento. Tendencia similar en relación a hai un ano, eliminando polo tanto desviacións de carácter estacional. No ano o emprego indefinido cae o 0,72 por cento e os temporais medran o 15,7 por cento.

De feito, a taxa de temporalidade dispárase ata o 27,5 por cento, cando era do 25,03 por cento no segundo trimestre do ano e do 24,6 por cento hai un ano.

Por sectores, a ocupación medra en todos, salvo na construción. En termos interanuais, tamén crece en todos, salvo no primario.

UGT-Galicia insiste en que aínda queda moito por facer para poder falar de recuperación. Esta ten que vir da man da mellora do mercado laboral, tanto en termos absolutos como en todo o que ten que ver coa súa calidade.

**Preto de 100.000 persoas xa levan máis de dous anos na procura de emprego**

É evidente que non se pode falar de recuperación con 139.400 desempregados de longa duración, máis dun ano nesta situación, pero é que 99.000 xa levan máis de dous anos na procura de emprego.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# Os PXE POÑEN DE MANIFESTO QUE OS CIDADÁNS NON SON A PRIORIDADE DO GOBERNO

*Unhas cifras irreais a medida dos intereses electorais do Goberno*

**Redacción.**- A Unión Xeral de Traballadores considera que o contido dos Orzamentos Xerais do Estado para 2016 que se aprobaron este martes, teñen un marcado carácter electoralista e susténtanse nunhas cifras irreais e nunha recuperación económica ficticia (como a propia Comisión Europea sinalou), que se enfronta a importantes ameazas e riscos e que, segundo as estimacións máis consistentes, perderá vigor irremediabilmente.

O Sindicato destaca que o obxectivo do Goberno é a redución do déficit público e o cumprimento dos compromisos de consolidación fiscal e advirte de que a recuperación do benestar dos cidadáns non é a prioridade, xa que as rendas de traballadores e familias que dependen destes orzamentos - empregados, públicos, pensionistas, prestacións por desemprego ou prestacións sociais a familias, entre outros,- van sufrir unha rebaixa de poder adquisitivo.

UGT aposta por uns orzamentos centrados nas persoas e o emprego, que permitan unha saída máis equilibrada e máis xusta da crise e con reformas de calado para facer a economía española máis competitiva e máis sustentable a longo prazo, baseada na mellora da produtividade e o valor engadido, a xeración de emprego de calidade e a mellora do noso Estado de Benestar.

UGT sinala que a evolución dos datos macroeconómicos son o espello das debilidades da nosa recuperación económica e o reflexo dunha economía que non consegue recuperar a súa demanda e advirte de que as rendas de traballadores e familias que dependen dos PXE 2016 van sufrir unha rebaixa de poder adquisitivo, claro reflexo da irresponsabilidade do Goberno coa recuperación real dos cidadáns.

Neste sentido, cabe destacar que os PXE 2016 expoñen un incremento salarial dun 1% para o colectivo de empregados públicos, co que non só non recuperarán a perda de poder adquisitivo froito dos recortes anteriores, senón que se abundará na perda porque o cadro macroeconómico contempla un deflactor do PIB do 1,1% para 2016.

O mesmo ocorre coas rendas dos pensionistas, que sufrirán unha nova caída de poder adquisitivo, dado o incremento contemplado, de novo do 0,25%, moi por baixo da inflación prevista.

Ademais, as prestacións sociais ás familias conxélanse, xa que o Goberno pre-



tende, por sexto ano consecutivo, non actualizar o IPREM, incumprindo a lexislación que obriga a consultar aos interlocutores sociais antes de fixalo.

E os PXE 2016 contemplan tamén unha nova redución de 5.480 millóns de euros en prestacións por desemprego, que lonxe de deberse a unha menor taxa de desemprego, débese á menor taxa de cobertura e aos menores niveis de prestación media.

Todo isto nun contexto no que as políticas aplicadas provocaron un empeoramento das condicións de vida da poboación e o afastamento de España en termos de renda por habitante do conxunto da Unión Europea.

O enquistamento do paro de longa duración, a caída da calidade do emprego e a desvalorización salarial provocaron unha forte perda de renda das familias españolas, aumentando notablemente a poboación en risco de pobreza ou exclusión social, que alcanza xa ao 29,2%, case 5 puntos por encima de 2009.

Lonxe de corrixir esta situación, os PXE volven poñer de relevo a nula correspondencia que hai entre as actuacións do Goberno e as necesidades reais da nosa economía e a nosa sociedade.

Cun marcado carácter electoralista, o Executivo expuxo un escenario irreal nas súas previsións para cumprir sobre o papel cos obxectivos macroeconómicos europeos, e cuxo contido sustenta unhas políticas continuistas, que supoñen unha aposta por un modelo de crecemento caduco e fráxil e un novo recorte do noso estado de benestar.

O escenario real que se debuxa hoxe en España esixe a reactivación do consumo das familias, indispensable para recuperar o crecemento sostido no noso país, que permita crear emprego e recobrar os niveis de

renda perdidos. E para iso, urxe a creación de emprego de calidade e a mellora dos salarios dos traballadores, no marco do III Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva 2015-2017, asinado polos axentes sociais o 8 de xuño de 2015.

Iso esixe que se acompañe o esforzo con plans de choque específicos a través dun impulso das políticas activas e os servizos públicos de emprego, con recursos excepcionais para a formación e o emprego, especialmente dos colectivos en peores condicións, é dicir, parados de longa duración, mozos e maiores de 45 anos. Así mesmo, débese estender a protección por desemprego de forma que ningún traballador quede sen cobertura.

Ademais, o Sindicato aposta por unha reforma integral da fiscalidade, cun IRPF máis xusto e con maior capacidade recadatoria, onde as rendas do traballo e do capital teñan o mesmo tratamento, cunha acción decidida contra a fraude fiscal, e que sirva para poñer as bases dun novo sistema produtivo, xa que nos encamiñamos cara un sistema baseado en baixos custos laborais no que prima o emprego precario, temporal e a tempo parcial.

Así mesmo, avoga por cambiar os actuais parámetros da actual política económica nacional revitalizando a demanda e o emprego de calidade, priorizando o gasto público e fixando unha política salarial pública acorde coa necesaria reactivación económica.

En definitiva, UGT aposta por uns orzamentos centrados nas persoas e o emprego, que permitan unha saída máis equilibrada e máis xusta da crise e con reformas de calado para facer a economía española máis competitiva e máis sustentable a longo prazo, baseada na mellora da produtividade e o valor engadido, a xeración de emprego de calidade e a mellora do noso estado de benestar.

## O III AENC ESTÁ A MELLORAR AS CONDICIÓNS LABORAIS E SALARIAIS DOS TRABALLADORES

**Redacción.-** Ata setembro de 2015 rexistráronse 1.673 convenios colectivos que afectan a 5.164.295 traballadores, cunha subida salarial media do 0,75%. Do total de convenios, 477 son novos e 2013 contan con cláusula de garantía salarial, que afecta a case un millón de traballadores.

Estes datos recóllense no informe "Situación da negociación colectiva ata setembro de 2015", elaborado por UGT, que sinala tamén como o III Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) está a posibilitar un incremento salarial nos convenios.

Desta forma, este incremento sitúase dúas décimas por encima de agosto de 2014 e aumenta tanto nos convenios novos como nos revisados. Á súa vez, os convenios novos sitúanse unha décima por encima dos revisados, de modo que a nova negociación está a despegar.

Por ano de firma, os convenios asinados en 2015, tanto de empresa como de ámbito superior, tamén reflicten subidas superiores ás que teñen os convenios asinados en anos anteriores, e a porcentaxe de traballadores con conxelación ou baixada salarial, desde xaneiro, está a reducirse de maneira constante.

Todo iso a pesar da fráxil recuperación económica que tanto encomia o Goberno, sustentada no incremento da desigualdade.



As políticas de austeridade, encarnadas nunha reforma laboral inxusta, inútil e regresiva, empeoraron as condicións de vida da poboación, así como, as condicións de traballo, con perda de dereitos e unha intensa desvalorización salarial. A iso únese unha perda de calidade do emprego, que está a xerar contratos precarios, de moi curta duración e con salarios de miseria.

As previsións optimistas do Executivo non coinciden coas previsións do resto de organismos internacionais. Incluso a Comisión Europea chamou a atención sobre os Orzamentos Xerais do Estado (PXE) para 2016 que, tal como xa avisou UGT cando se presentaron, non van poder cumprilos.

A reforma laboral do Executivo empeorou esta situación e repercutiu tamén na firma de convenios, pero os datos ata setembro supoñen unha leve recuperación respecto da enorme caída de convenios

rexistrados nos anos posteriores a esta reforma.

Neste sentido, aínda que estamos lonxe dos 2.145 convenios de setembro de 2011, segue habendo moitos máis nesta ocasión, 477 novos, que os que se rexistraron ata setembro de 2011, un total de 364 convenios novos.

Os convenios de empresa e os de ámbito superior tamén se recuperan, pero non se chega ao nivel de 2011. A pesar de que a reforma laboral pretendía máis negociación no ámbito da empresa, fai catro anos os convenios de empresa supoñían o 74,78% dos convenios rexistrados, mentres que en 2015 esta porcentaxe sitúase no 71,37%.

O número de traballadores e de empresas afectados por convenio tamén están repuntando. Entre setembro de 2014 e de 2015 hai case un millón de traballadores máis e case un 25% de empresas máis con convenio.

Para a Unión Xeral de Traballadores, é o III AENC 2015-2017, non ás políticas regresivas deste Goberno, o que está a producir unha melloría das condicións laborais e salariais dos traballadores, xa que é este acordo o que está a garantir o aumento de poder adquisitivo para todos os traballadores e o que está a servir á poboación do noso país de auténtica malla de protección nesta crise.

## UGT ENTREGA O XVII PREMIO JULIÁN BESTEIRO DAS ARTES E AS LETRAS AO ESCRITOR ANTONIO RODRÍGUEZ ALMODÓVAR

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Cándido Méndez, entregou o pasado sábado 17 de outubro o XVII Premio Julián Besteiro das Artes e as Letras ao escritor Antonio Rodríguez Almodóvar, nun acto en Carmona (Sevilla) que serviu de homenaxe a Besteiro no 75º Aniversario do seu falecemento.

Pola súa ampla traxectoria literaria, política e sindical, comprometida cos valores humanos, sociais e progresistas, o xurado quixo outorgar este premio a este escritor nado en 1941 na localidade sevillana de Alcalá de Guadaíra, que se constitúe na actualidade como un dos autores literarios máis relevantes do noso tempo, con máis dun centenar de títulos publicados, entre os que destacan obras tan coñecidas como os "Contos da Media Lunita", colección de 64 títulos baseadas nos contos populares es-

pañois, ou "Contos á calor do lume I e II" (con 30 edicións a partir de 1983).

A súa traxectoria literaria é extensa e variada, abarcando desde a novela á poesía ou os guións de televisión, sendo na actualidade colaborador do diario El País e columnista mensual de revista Escola.

Ademais, levou a cabo a dirección dos traballos filolóxicos da edición facsimilar dos manuscritos de Antonio Machado da Fundación UNICAJA, (Málaga 2003-2004).

A súa traxectoria política e sindical comezou en plena clandestinidade en 1967, sendo alumno de Filoloxía na Facultade de Filosofía e Letras de Sevilla, o que o levou a participar activamente no movemento estudantil contra a ditadura no período 1967-1969.



En 1969 visitou o cárcere de Carmona, onde aínda podía verse o lugar exacto onde estivo encerrado Julián Besteiro. En 1977 volveu ao mesmo lugar e, aínda que non era máis que un solar, entrevistou a varias persoas que coñeceron e trataron ao histórico dirixente socialista. Con ese material confeccionou unha ampla crónica que publicou na revista Terras do Sur.

# CONTINÚA A DETERIORACIÓN DA SAÚDE E SEGURIDADE DOS TRABALLADORES

**Redacción.**- O número de accidentes de traballo aumentou nos 8 primeiros meses do ano e tamén o fixo o número de enfermidades relacionadas co traballo, ata setembro de 2015, se comparamos ambas as cifras co mesmo período do ano anterior.

Isto denota que a saúde e seguridade no traballo continúa o seu retroceso o que ten que ver con distintos factores: como a deterioración das condicións laborais (ademais, os traballadores cada vez son máis temporais e precarios) e a falta de medidas preventivas por parte das empresas.

É rechamante á súa vez que cada vez se resisten máis accidentes e enfermidades laborais sen baixa, o que denota o temor dos traballadores para perder o seu posto de traballo.

UGT considera urxente impulsar a cultura preventiva entre o tecido empresarial e unha maior vixilancia e control por parte da Inspección de Traballo para evitar que aínda hoxe se registren, como media, dous falecementos de traballadores ao día no noso país.

Así mesmo, denuncia o interese das mutuas por aforrar custos en base á saúde dos traballadores, posto que hai unha redución das baixas por accidente de traballo e prossegue a infra notificación das enfermidades profesionais.

## Aumentan os accidentes de traballo

O 20 aniversario da Lei de Prevención de Riscos Laborais, que se celebra en novembro, desenvólvese cun mal dato. Desde 2013 produciuse un incremento dos accidentes de traballo. Unha tendencia que prossegue tendo en conta os datos referidos aos 8 primeiros meses do ano.

Así, producíronse 805.262 accidentes laborais, un 5.5% máis, respecto do mesmo período do ano anterior. Isto é 42.324 accidentes laborais máis.

Deles, menos da metade, 339.190 accidentes causaron a baixa ao traballador, mentres se notificaron 466.72 accidentes sen baixa.

Entre os accidentes que causaron baixa, 294.370 ocorreron durante a xornada laboral e 44.820 foron accidentes in itinere. Ademais producíronse sobre todo na industria manufacturera e o comercio por xunto e menor, aínda que os maiores incrementos rexistráronse no sector da construción, seguido da subministración de auga, saneamento e xestión de residuos.

Cataluña e Andalucía foron as comunidades autónomas que máis accidentes laborais con baixa en xornada rexistraron.

Especialmente grave é o aumento de número de traballadores falecidos a causa do traballo. De xaneiro a agosto morreron 386 traballadores, 15 máis que no mesmo período de 2014.

## Aumentan as enfermidades relacionadas co traballo

Cada día 67 persoas son vítimas de enfermidades relacionadas co traballo (que suman as enfermidades profesionais e as patoloxías non traumáticas).

Nos 9 primeiros meses do ano produciuse un total de 18.404 enfermidades deste tipo.

14.517 foron enfermidades profesionais declarándose máis enfermidades profesionais sen baixa que con baixa.

O 81% das enfermidades profesionais pertencen ao grupo 2, xeradas por axentes físicos, onde cabe destacar os trastornos musculoesqueléticos, a principal causa das enfermidades profesionais en España. Doutra



banda, só declaráronse 18 no grupo 6, 15 das cales son provocadas polo amianto.

En canto ás patoloxías non traumáticas, é dicir as enfermidades provocadas polo traballo non recollidas no actual cadro de enfermidades profesionais, no que vai de ano rexistráronse 3.887.

Neste momento, que se celebra a Semana europea para a seguridade e saúde no traballo e cuxa campaña é "Traballo saudable: xestionemos a tensión", UGT considera que é necesario incidir sobre o gran traballo que queda por facer nas patoloxías derivadas dos riscos psicosociais, como é a tensión relacionada co traballo, xa que a pesar de ter unha orixe laboral son considerados como enfermidade común, co consecuente prexuízo para a saúde e a economía dos traballadores afectados e as súas familias.

O Sindicato insiste en que é preciso adecuar o cadro de enfermidades profesionais aos problemas reais que afectan á saúde global do traballador e que é necesario detectar, recoñecer e previr todo tipo de enfermidades relacionadas co traballo, xa que o que non se ve non se prevén.

Para cumprir con estes obxectivos, é necesario seguir apostando polo diálogo social como punto de partida para acabar con esta situación e conseguir unha mellora constante na redución e prevención da sinistralidade laboral

**É DE LEI**

**2 MILLONS DE PERSOAS**  
**INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR**

prestación de ingresos mínimos para

Leva a túa sinatura ao Congreso

**eu asino!**

rescatar ás persoas combater a desigualdade

## UGT PON EN MARCHA UNHA PÁXINA WEB PARA COMBATER A BRECHA SALARIAL



**Redacción.-** UGT puxo en marcha a páxina web "Igual Retribución" para combater a brecha salarial. Unha iniciativa que se enmarca no proxecto "Ferramentas para combater a brecha salarial", que desenvolveu o Sindicato ao longo destes últimos meses.

Esta páxina contén todas as accións levadas a cabo ata o momento, incluídos dous documentos, unha guía sobre "Propostas convencionais para combater a brecha salarial por razón de sexo", que contén unha serie de recomendacións e boas prácticas na negociación colectiva, con exemplos de cláusulas recollidas nos convenios colectivos e plans de igualdade, e un informe de "Análise dos factores que inflúen na brecha salarial" que analiza o tratamento polos convenios colectivos das estruturas e compoñentes retributivos causantes da brecha salarial entre mulleres e homes.

Así mesmo, desde a páxina pódense descargar as ferramentas "Indicador Xeral de Igualdade Salarial" (IGIS), aplicación informática que mide a brecha salarial existente entre

a retribución dos homes e a retribución das mulleres e o "Indicador Ponderado de Igualdade Salarial" (IPIS), aplicación que ademais permite calcular a brecha salarial nos distintos compoñentes das estruturas retributivas que poden existir nunha empresa e coñecer os factores que teñen maior influencia na asignación de retribucións distintas para homes e mulleres.

Tanto a guía como o informe son o resultado da análise dunha mostra de 124 convenios colectivos negociados entre os anos 2013 e 2014, os anos inmediatamente posteriores á entrada en vigor da reforma laboral de 2012. Os datos mostran a profunda transformación da estrutura da negociación colectiva, cada vez máis complexa, caracterizada por unha ampliación preocupante da negociación colectiva de empresa, empresas multiservizos e mesmo microempresas, que rompe a disciplina do sector en base ao principio legal de preferencia aplicativa do convenio colectivo de empresa, como consecuencia desta normativa. Unha lei que incidiu no agravamento da brecha salarial.

Ambos os documentos foron elaborados por un equipo de investigación da Universidade Complutense de Madrid, dirixido pola catedrática de Dereito do Traballo e Seguridade Social e expresidenta do Tribunal Constitucional, María Emilia Casas Baamonde.

O proxecto sobre "Ferramentas para combater a brecha salarial" foi cofinanciado polo Mecanismo Financeiro do Espazo Económico Europeo (EEE) para España, a través do Programa Igualdade de Xénero e Conciliación, para o período 2009-2014.

Un programa que á súa vez se enmarca no Memorándum de acordo sobre a Aplicación do Mecanismo Financeiro do EEE 2009-2014, entre o Reino de Noruega, Islandia, o Principado de Liechtenstein e o Reino de España.

O obxectivo final que persegue o Sindicato é facer visible a brecha retributiva entre mulleres e homes no ámbito laboral para poder combatala a través da negociación colectiva, de maneira máis eficaz.

### MCA esíxelle a Alcoa un compromiso coas tres plantas que ten en España e ás administracións que impulsen acordos bilaterais entre empresa e eléctricas para obter prezos competitivos

**Redacción.-** O responsable federal de MCA Ignacio San Miguel e o coordinador de MCA-UGT-Alcoa, José Luís Combarro, xunto con outros membros do Sindicato reuníronse este mércores en A Coruña para analizar a situación e as previsións de futuro das tres plantas que Alcoa ten en España, dúas en Galicia, a de A Coruña e San Cibrao (ambas con 1.400 traballadores).

Tras a xuntanza, manifestaron que hai

que mudar a actual situación na que Alcoa non inviste nas plantas españolas e a día de hoxe está en suspenso o futuro das plantas de A Coruña e Avilés porque a dirección non quere aclarar o seu futuro. Os traballadores non poden continuar con esta incerteza, polo que se lle esixe á empresa investimentos e proxectos.

Das administracións, tanto central como autonómicas, demándanse acordos bilaterais entre empresa e eléctricas para fixar prezos

competitivos e que nas subastas de interrumplibilidade existan máis bloques de 90MW. En xeral, esíxelles un compromiso firme co sector industrial e con este sector en concreto. Hai que lembrar que dende o 1998, ano no que se vendeu Inespal, perdéronse 4.000 postos de traballo. Pola súa banda, Ignacio San Miguel anunciou que se está estudando propoñer a nacionalización das tres plantas, se se observa que esta é a mellor medida para o mantemento da actividade.

# TRABALLADORES DE AFORRO CONCENTRÁRONSE FRONTE Á SEDE DE ABANCA EN A CORUÑA PARA DENUNCIAR QUE A NEGOCIACIÓN DO CONVENIO DO SECTOR NON AVANZA

**Redacción.-** O pasado día 16 sucedéronse mobilizacións en todas as cidades onde están as sedes principais das entidades do sector de aforro para denunciar que a negociación do convenio non avanza e “Por un convenio con dereitos”. Concretamente, en Galicia a concentración tivo lugar entre as 11 e 12 horas fronte á sede de Abanca en A Coruña.

FES denuncia que a negociación do convenio non avanza, basicamente, pola actitude da patronal que non variou dende o primeiro día porque esixen que, para que exista acordo, este debe pasar por profundos cambios estruturais que se traducen na liquidación do salario fixo con dereitos por un salario variable, cun importe que sexa distribuído discrecionalmente pola dirección das caixas (pagas extraordinarias actualmente consolidadas polo convenio, ademais do plus de convenio).

Tamén pretenden eliminar os complementos ligados aos deslizamentos, ascensos por antigüidade, capacitación, clasificación de

oficinas e trienios. Outro dos obxectivos da dirección das caixas é incrementar a mobilidade xeográfica, suprimindo o radio de 25 kilómetros como garantía para os traslados, e, como guinda das súas esixencias, a supresión do horario de convenio a nivel de sector. Preténdese así abrir unha desregulación total dos horarios laborais, incrementando as facilidades para seguir realizando prolongacións ilegais da xornada.

A percepción que teñen os traballadores é que a patronal está agardando a que pase o tempo co fin de aproveitarse da cláusula sobre a ultraactividade dos convenios que facilita a última reforma laboral imposta polo Goberno. Co único obxectivo de liquidar todos os dereitos que ata o momento regulaban o convenio sectorial.

Por iso, UGT, así como todos os sindicatos presentes na mesa de negociación, con-



sideran que non se pode continuar con esta dinámica e que é necesario iniciar un proceso de mobilizacións.

Dende o sector lembran que xa se teñen sufrido fortes reestruturacións que supuxeron a liquidación de miles de postos de traballo, así como, a rebaixa de moitos dos dereitos que se tiñan a nivel de cada entidade. A existencia do convenio do sector permitiu ata o de agora manter a liña básica de dereitos. Por eso, mantelo é unha necesidade básica para todos pero non de calquera xeito e a calquera prezo.

## UGT-Coruña presenta a recollida de firmas para unha prestación de ingresos mínimos

**Redacción.-** UGT-Coruña-Cee presentou este martes na cidade herculina en rolda de prensa o inicio da recollida de firmas para apoiar a ILP por unha prestación de ingresos mínimos destinada a garantir uns ingresos que aseguren unhas condicións básicas para atender as necesidades máis esenciais ás persoas que, con disponibilidad para traballar, carecen de emprego e duns recursos económicos mínimos para si e, no seu caso, para os familiares ao seu cargo.

Esta prestación supoñería o 80 por cento do IPREM, 426 euros ao mes.

Segundo explicou o secretario xeral de UGT-Coruña-Cee, José Carrillo, na ci-



dade de A Coruña poderían beneficiarse desta axuda unhas 9.000 persoas e 18.000 na totalidade da comarca. Todos eles afectados pola prolongación da crise e duns salarios precarios.

Este acto, do mesmo xeito que os que se veñen desenvolvendo no resto de Galicia e do Estado, enmárcase na campaña que UGT puxo en marcha para presentar a ILP co fin de establecer a devandita prestación.

## Os extraballadores da Fábrica de armas piden unha reunión co alcalde de A Coruña

**Redacción.-** O antigo Comité de empresa da Fábrica de armas e os empregados despedidos vinculados a UGT veñen de solicitar unha xuntanza co alcalde herculino.

Estes traballadores consideran que o proceso de adxudicación das instalacións a Hércules de Armamento podería ter sido fraudulento.

Ademais, como ven sendo habitual nos últimos venres, esta mañá volverán concentrarse fronte á Delegación do Goberno para demandar un proxecto industrial sólido e viable para a factoría coruñesa.

**Programa de garantía xuvenil**

**Programa extraordinario de activación para o emprego**

**INFÓRMATE!**

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>